

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1ª planta
T: 986 810 284
F: 986 430 082
ofi.muller@vigo.org



www.igualdadevigo.org

CONCELLO
DE VIGO



camina
con nós
POLA
igualdade

Este programa enmárcase no
IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes
do Concello de Vigo.

Curso 2018 · 2019



Traballos de corresponsabilidade doméstica

Curso
2018 · 2019

que é?

camiña con nós pola igualdade?

É un programa educativo elaborado e desenvolvido dende a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, dirixido ao alumnado de 5 anos de Educación Infantil e 2º, 4º e 6º de Educación Primaria.

A finalidade do programa é fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos desde a comunidade educativa para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.

As memorias das anteriores edicións pódense consultar na sección de Coeducación da nosa páxina web www.igualdadevigo.org

Nesta mesma sección tamén poderás atopar blogs de profesorado nos que se recollen algunhas das accións realizadas nas aulas.



que facemos?

Curso
2018 · 2019

en camiña con nós pola igualdade?

Movimos os pés e desde o curso 2005/2006 xa son 52 centros públicos da cidade os que veñen participando nos obradoiros de **camiña con nós pola igualdade** para promover a igualdade de oportunidades entre nenas e nenos. A participación no último curso escolar ascendeu a 4148 alumnas e alumnos, 45 centros de ensino.

Coa túa colaboración, participando no programa que che propoñemos a través dunha metodoloxía lúdica que ten como obxectivo reflexionar e promover a igualdade entre sexos, seguiremos avanzando neste camiño.

Levaremos a cabo diversos obradoiros temáticos en horario escolar, adaptándoos ás necesidades do teu centro.

Este curso agárdanos un interesante e divertido paseo.



Traballos sobre estereotipos de xénero e uso non sexista de xogos e xoguetes

